


Digilec 4 (2017), pp. 18-36

Fecha de recepción: 26/09/2017

Fecha de aceptación: 30/11/2017

DOI: <https://doi.org/10.17979/digilec.2017.4.0.3073>



e-ISSN: 2386-6691

A REPRESENTACIÓN DO XÉNERO NA NARRATIVA GALEGA PARA A PRIMEIRA INFANCIA (2010-2014): ANÁLISE CUANTITATIVA E CUALITATIVA

GENDER REPRESENTATION IN GALICIAN NARRATIVE BOOKS FOR EARLY CHILDHOOD (2010-2014): A QUANTITATIVE AND QUALITATIVE ANALYSIS

Rosa M^a MARTÍNEZ MARTÍNEZ*
Universidad Nacional de Educación a Distancia

Resumo

A literatura infantil axuda as criaturas a iniciarse no acceso ao imaxinario colectivo propio de cada cultura. Deste xeito, como axente socializador que é, transfire modelos femininos e masculinos da sociedade na que viven. Neste estudo realizarase unha análise da representación de xénero que se dá nos álbums e libros ilustrados galegos publicados dende 2010 até 2014, pensados para as criaturas de 0 a 6 anos, dende unha perspectiva cuantitativa e cualitativa.

Palabras chave: narrativa galega infantil; xénero; coleccións coeducativas.

Abstract

Children's literature helps children to start the collective imagination discovery in each culture. In this way, as a socializing agent it transfers female and male models of the society in which they live. In this study an analysis will be held of the representation of gender in Galician narrative books published from 2010 to 2014, designed for children from 0 to 6 years, from a quantitative and qualitative perspective.

Key Words: Galician narrative books; gender; coeducational collections.

*Email: rosita2978@yahoo.es

A Jose Carballido, por ser o alicerce en todas as andainas

1. INTRODUCCIÓN

A literatura infantil e xuvenil exerceu sempre unha función socializadora das novas xeracións, polo tanto non hai mellor documento que a LIX para saber a forma na que a sociedade desexa verse a si mesma, xa que constitúe unha mensaxe dos adultos á infancia, para contarlle como debería ver o mundo. Por iso a LIX pódese considerar como un axente socializador, como o é a escola ou a familia. A interpretación que se fai na literatura infantil dos feitos sociais reflicte diferentes formas de explicar a realidade, xa que os seus autores e autoras presentan unha visión desta filtrada polas súas propias crenzas, ideas que transmiten aos seus lectores, dunha forma consciente ou non (Barragán, 1989).

Como medio de transmisión cultural a LIX transfere modelos femininos e masculinos. Os prototipos masculinos e femininos das producións literarias dedicadas á infancia proxectan a opinión xeneralizada que sobre o masculino e o feminino ten a sociedade. Estes modelos enquistanse e calan de forma inconsciente nas criaturas, de xeito que chegan a impedirles ver a realidade dende outros puntos de vista (Álvarez Núñez e Mouriz, 1988).

Neste contexto as reflexións sobre o tratamento do xénero nas producións literarias destinadas á infancia teñen un sentido especial. As conclusións de diferentes autores e autoras neste sentido van moi parellas (Barragán, 1989; Turín, 1989; Colomer, 1994 e 1999; Pena Presas, 2012 e 2015; Aguilar Ródenas, 2008 e 2011; Vila Carneiro e Faya Cerqueiro, 2016). Así, mentres os homes e nenos son presentados como seres activos, emprendedores, capaces de resolveren conflitos por si mesmos, cun valor intrínseco elevado e mellores facultades intelectuais e físicas, as mulleres e nenas parecen depender da axuda dos anteriores, coa consecuente perda da identidade, xa non feminina senón persoal. As mulleres son presentadas dende a maldade absoluta, como bruxas ou madrastas malvadas, ou dende unha inxenua bondade e pasividade e relegadas ao ámbito do fogar, da familia e a crianza. Estas son protagonistas na medida en que son necesarias para que os personaxes masculinos mostren as súas virtudes de intelixencia ou afouteza.

Baixo esta perspectiva, nun contexto en que a LIX ten unha tinguidura sexista, nos anos 70 o movemento feminista senta o alicerce para que, xunto á sensibilización social fronte ao sexismo –que supuxo un cambio no rol da muller dentro da sociedade, gañando importancia e incorporándose á vida pública– floreceran producións literarias infantís onde o xénero feminino toma protagonismo de seu. Este cambio na tendencia literaria vén derivado das revisións críticas sobre os contidos da LIX dende unha visión non discriminatoria que se deron neses anos. Revisións alimentadas pola declaración por parte da UNESCO do Ano Internacional da Muller en 1975, o que supuxo, ademais, a súa divulgación¹, chegando até sectores influentes como a escola. Xa que logo, neste mesmo

¹ En 1974 unha das máis poderosas editoras norteamericanas publica un manual para un tratamento non discriminatorio dos sexos, para uso dos seus redactores e como orientación para os escritores (Orquín, 1989).

ano,ponse en marcha a produción de libros totalmente diferentes, obras militantes cuxa pretensión é crear novos modelos feministas cos que as nenas puideran identificarse, dende a propia valoración, dende a valoración da súa propia identidade (Orquín, 1989). A colección máis importante das que xorden, pola súa difusión e alcance, nace en Milán da man de Adela Turín, historiadora de arte e escritora², dedicada a analizar os trazos sexistas na literatura infantil. Esta crea a editora “Dalla parte della bambina” e publica, baixo o mesmo nome, unha colección de máis de vinte títulos, que pretenden ser narracións onde a muller ten papeis protagónicos afastados dos roles de esposa, nai ou nena pasiva, mantidos tradicionalmente, coa axuda das ilustracións de Nella Bosnia. En España, a colección publícase pouco despois, no ano 1976, baixo o nome de “A favor de las niñas”, pola editora Lumen (Pena Presas, 2015).

En Galicia, segundo Pena Presas (2012) na década que abrangue 1975 até 1985, a situación na representación do xénero non era moi distinta. A figura da nena-anxo fronte á rapaza-demo, a da nai-coidadora, a da mestra, son as máis proxectadas polas ficcións nestes anos. Secasí a influencia do movemento feminista chega tamén ao noso eido, a LIX comeza a diversificarse dando lugar ás primeiras narracións feministas da LIX galega da man de Xohana Torres e María Xosé Queizán. A partir desta década autores e autoras como Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Agustín Fernández comezarán a proxectar nas súas obras imaxes femininas acordes con esa nova forma de pensar os personaxes femininos (Pena Presas, 2012). Nos anos 90 publícase a colección “O Parrulo” e o libro *Furacazolos e Botaborrallas*, obras que apostaban pola coeducación, así como as Guías de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria. No s. XXI publícanse coleccións coeducativas en galego como “Contos da igualdade”, “Lila Lilaina” e “A igualdade conta” (Pena Presas, 2015).

Para afondar neste sentido realizamos esta análise da narrativa galega pensada para os nenos e nenas de 0 a 6 anos, publicada no lustro que abrangue dende 2010 até 2014. A abordaxe levarase a cabo dende unha perspectiva baseada nas representacións de xénero que se dan nestes títulos, incluíndo as coleccións coeducativas.

2. METODOLOXÍA

A escolma dos libros atende aos seguintes criterios: libros narrativos (álbums e libros ilustrados) dirixidos a nenos e nenas de 0 a 6 anos, escritos en lingua galega –non sendo traducións–, editados en Galicia entre os anos 2010 e 2014, de autoría galega –sen ter en conta a procedencia dos ilustradores/as–, literarios, quedando excluídos os libros informativos e as reedicións de contos populares³.

Para realizar esta selección utilizáronse as guías de Libros Infantís e Xuvenís de Galicia (2011-2015). Os problemas atopados foron coñecer a idade dos destinatarios destas producións, o xénero literario e a procedencia dos seus autores ou autoras. Para

² En 1978 publica unha guía similar á editada en EE.UU. en 1974, titulada *Sexismo nos libros para nenos* (Orquín, 1989).

³ Un dos títulos, *Maruxa*, é unha excepción, xa que se trata dunha adaptación dunha peza popular polaca, incluído polo seu interese como contrapunto á tendencia do resto dos libros do estudo.

solucionalos recorreuse á web das editoras, recensións e aos propios libros unha vez termados nas nosas mans. O corpus quedou constituído por 46 títulos dos que se realizará unha análise da representación do xénero dende unha perspectiva cuantitativa e sobre todo cualitativa. Non se trata de presentar unha análise en profundidade dos libros, senón de apuntar tendencias na representación do xénero na produción literaria destes anos.

3. ANÁLISE CUANTITATIVA: CARA Á PARIDADE

A cantidade de protagonistas femininas e protagonistas masculinos está bastante equilibrada, un 43,48% de protagonistas femininas fronte a un 41,40% de protagonistas masculinos. As producións nas que ambos os xéneros son protagonistas alcanza un 15,22%.

No total de libros analizados as nenas son as principais protagonistas, cun 28,26%, superando a porcentaxe de nenos protagonistas, que alcanza un 10,87%. Séguenlles os homes cun 6,52% e ás anciás cun 2,17%. As mulleres de mediana idade e os anciáns non conseguen ningún papel protagonista.

Sendo as porcentaxes xerais de títulos con protagonista feminino e masculino moi parellas, vemos que o protagonismo do xénero feminino supera ao masculino nas producións con protagonista humano/a e o protagonismo do xénero masculino supera ao do xénero feminino nos títulos de protagonistas non humano/a.

No cómputo global as nenas superan como protagonistas aos seres non humanos de xénero masculino, cun 28,26% fronte a un 23,91%. Así no cómputo xeral as nenas teñen unha maior porcentaxe de papeis protagonistas fronte ao resto de personaxes.

Táboa 1

Protagonistas humanos/as desagregados por idades e protagonistas non humanos/as

Nena	28,26%
Muller nova	0,00%
Anciá	2,17%
Neno	10,87%
Home novo	6,52%
Ancián	0,00%
Ambos os xéneros humanos/as	13,05%
Non humanas	13,05%
Non humanos	23,91%
Ambos os xéneros non humanos/as	2,17%
Total	100%

O estudo de McCabe (2011) sobre libros infantís publicados nos EE.UU. durante o s. XX, puxo de manifesto a gran presenza que os animais teñen na LIX. Segundo se argumenta neste estudo isto é debido a un intento por parte dos editores de non caer nos estereotipos sexistas ao non ter que asignarlle un xénero a estes personaxes. Porén, as producións de LIX da década dos 90 estiveron cerca da paridade nos personaxes

humanos/as, inda que no caso dos animais os contos nos que os machos eran protagonistas dobraban o número de contos de protagonista feminina, co que o intento de crear personaxes asexuados non tivo éxito. Os nosos resultados aseméllanse bastante, xa que as producións con protagonista masculino non humano case dobran o número de títulos con protagonista feminina e no caso dos protagonistas humanos/as as femininas superan os protagonistas masculinos. Non obstante, no cómputo xeral podemos dicir que esa paridade si parece existir.

4. ANÁLISE CUALITATIVA: TENDENCIAS NA REPRESENTACIÓN DO XÉNERO

4.1. Nenas e nenos

As nenas protagonistas do corpus analizado rompen coas dicotomías entre nena anxo/demo, fada/bruxa, entre o ben e o mal, das que falaban Turín (1995) ou Pena Presas (2012) para se referiren á produción literaria de períodos anteriores⁴. En xeral, na literatura infantil galega de principios do s. XXI, os autores e autoras sitúan as nenas protagonistas nun termo medio, máis real, máis acorde coas personalidades das cativas lectoras. As nenas destas producións preséntanse como cativas tranquilas e con bo carácter, pero afástanse dos caracteres servizais e abnegados do século anterior. Tampouco son personaxes sabichonas ou crueis: son curiosas, intelixentes, inconformistas, ás veces incluso un tanto respondonas, con inquedanzas e intereses.

A protagonista de *Catuxa quere saber* e *Catuxa quere saber máis*, ambos os dous títulos de Concha Blanco e Dani Padrón⁵ (2012, 2014), fai preguntas á súa nai e ao seu avó, no primeiro dos títulos, e ao seu pai e de novo ao seu avó no segundo, sobre todos os temas que lle interesan, de forma doce e divertida. O seu avó cóntalle historias que a cativa escoita con atención á vez que corrixe, entre bromas, aquilo que o avó non conta con acerto –sen resultar sabichona–, creándose un clima de complicidade e diversión entre ambos:

— Non rías, miña nena, que os grilos van espertarse, cando os grilos espertan, xa non paran de cantar. E imos ter que tapar cunhas mazás os oídos.

— Que gracioso es, avó! Os oídos non se poden tapar con mazás. En todo caso... con algodón. As mazás son para comer (Blanco 2012, pp. 17-18).

Miguel Vázquez Freire crea en *Fadita fosca!*, xunto Xosé Tomás e Dani Padrón (2013), unha nena que corre divertidas aventuras para atopar, xunto co seu avó, a “maldita mosca” que os está a molestar. *O sono de Esther*, de Miguel Ángel Alonso e Luz Beloso (2014), é outro título no que a pequena protagonista mostra afouteza e sabedoría ao ser quen de sortear perigos cando é sorprendida por unha tormenta en metade da fraga –inda que todo resultase finalmente un soño. En *Xiana, a nena pirata*, María Canosa e Noemí

⁴ Esta dualidade foi base de moitas das críticas feministas, xa que consideraban que esta forma de definir a personalidade feminina só contribuía a fomentar a estereotipación do xénero feminino (Pena Presas, 2012).

⁵ Nas referencias dos libros do corpus empregado nomearase o autor ou autora seguido do ilustrador ou ilustradora.

López Vázquez (2012) preséntannos unha nena pirata que suca os mares na procura de tesouros. Vemos rapazas valentes con gusto polas aventuras; non son nenas pasivas, senón que aparecen na historia como parte dela, con protagonismo de seu. Non son nenas que esperan ser rescatadas, e xa non son unha escusa para que o protagonista masculino mostre a súa valía.

Nas ilustracións as cativas non aparecen como noutrora esperando tras a ventá, soñando co mundo exterior, pensando nun futuro mellor que nunca chegará. Hogano as nenas son debuxadas en actitudes activas, sendo protagonistas dos seus propios soños. Tampouco esperan en grandes torres de castelos que o heroe as vaia rescatar, elas son as que viven as aventuras ataviadas con roupas de pirata ou ferramentas para explorar. As cativas non aparecen con rostros taciturnos e tristes de resignación, aparecen alegres, vivindo aventuras, facendo preguntas e gozando das súas vivencias. Deste xeito, compróbase que a produción galega destes anos continúa o camiño iniciado en décadas anteriores (Pena Presas, 2012).

Noutros títulos como *Area fai seis* de Araceli Gonda e María Noel Toledo (2011) e *Un baño de gargalladas* de Rosa Llorente e Pablo Rosendo (2010) as cativas manifestan a súa desconformidade, pero sempre nun ton amábel e conciliador. Inda que nas ilustración as súas expresións faciais e corporais indican o seu descontento, sen alcanzar a furia, son rostros de amoladura que deseguida mudan cara á prazidez. Obsérvase aquí un certo conservadorismo na representación das nenas, que non se mostran nunca como personaxes rebeldes.

Ora ben, en termos xerais, pódese afirmar que as protagonistas son personaxes complexas, que proxectan imaxes da feminidade máis afíns coa sociedade actual. Este cambio na representación da personalidade das nenas non supón unha inversión de roles⁶, no sentido de que aparezan rapaces desvalorizados ou ridiculizados, senón que supón unha valorización do feminino.

Canto á representación dos nenos protagonistas, nas producións analizadas obsérvase que muda con respecto ao mantido por Turín (1995). Os nenos non son presentados con personalidades agresivas ou violentas, non son heroes que deben rescatar as nenas en apuros, nin seres insensíbeis máis preocupados pola fama e o éxito que por cuestións máis íntimas. No noso corpus os nenos son sensíbeis e curiosos, inseguros e con dúbidas; non son nenos sabios aos que nada asusta. Como apuntaba Colomer (1994), os títulos nos que os nenos son protagonistas van ampliando posibilidades chegando a eidos antes reservados para as nenas.

O neno protagonista de *As noites de Xián*, de Concha Blanco e Dani Padrón (2014), estraña o son do mar ao ter que se mudar coa súa familia a unha vila de montaña. Esta saudade é mitigada por unha princesa-fada que lle regala unha caixiña de música que reproduce o rumor das ondas do mar. O cativo, sentimental e sensíbel, é salvado do seu penar por unha princesa-fada, afastando esa idea de protagonista masculino salvador e heroe. No álbum de María Lado e Yanina Torres (2014) *Porque Cuqui non quere ir á*

⁶ Cuestión que certa crítica lle reprochou a Turín, por entender os seus libros como unha simple inversión nos roles, textos radicais e sexistas contra o sexo masculino que propoñían femias listas e dinámicas fronte a machos parvos e vaidosos (Pena Presas, 2015).

lavadora, o neno protagonista, empático e sensible, explícalle á súa nai por que o osiño non quere ser lavado, argumentando sobre todos os terribes sentimentos que este experimentaría durante o proceso, que é en realidade unha mostra dos propios medos do cativo. O protagonista rompe con esa figura de neno violento, sen chegar a figura de neno mexericas. Curiosamente os nenos destes dous libros son debuxados nalgún momento da narración tras unha ventá, símbolo inequívoco noutro tempo das representacións das cativas. Por último, por outra banda, atopamos nenos curiosos e con dúbidas en *Papá non sabe* de Rubén Pérez e Antón Romero (2010) e en *Maxia!* de Charo Pita e Magdalena Matoso (2011), rompendo coa idea do neno sabichón.

En relación coas temáticas e os ámbitos aos que se asocian os protagonistas infantís masculinos e femininos, hoxe parecen non diferir, e as súas personalidades son bastante afíns na produción literaria galega. Así, o fogar e a cotidianeidade son os escenarios máis habituais para os nenos e nenas no corpus analizado.

Inda que as personalidades das nenas protagonistas deste corpus están máis acordes coa realidade, o eido onde estas son colocadas segue a ser a casa e a familia, con alusións á escola. Ao tratarse de títulos de ficción realista, as nenas xogan ás aventuras, fan preguntas... pero sempre dentro dun contorno familiar. As temáticas son próximas ás criaturas, están relacionadas con cuestións cotiás das vidas das cativas como a hora do baño... e teñen ese trazo pedagóxico. Un dos álbums que escapan da realidade máis próxima das nosas criaturas protagonizado por unha nena é *A fuxida*, de Berta Dávila e Inma Doval (2014), que relata as inxedanzas dunha pequena durante o éxodo propiciado pola guerra. Aquí vese unha temática moito máis profunda, máis complexa e cunha gran carga emotiva. Nunha liña semellante, Antón Fortes e Simona Mulazzani (2010) preséntannos *Á sombra dos anacardios*, título que se atopa a medio camiño entre o mundo próximo das nosas criaturas e vivencias máis afastadas. O álbum narra a vida dunha nena africana na casa, a escola, a consulta médica... situacións que os nosas criaturas viven acotío. Porén, o libro tamén reflicte realidades como o traballo infantil (a nena tamén vai vender cacahuetes e plátanos aos turistas). Pola súa parte, *Xiana a nena pirata* é o único título protagonizado por unha nena cunha temática enmarcada na ficción fantástica, na que a nena pirata vive aventuras en busca de tesouros, afastándose do eido da familia e o fogar. Secasí, a nena pirata debe volver á escola unha vez rematado o verán, así esta fantasía vese interrompida ante o realismo da volta ao colexio tras o estío.

Con respecto aos eidos e as temáticas nas que aparecen os nenos, debido ao cambio que se detecta na representación da súa personalidade, estes tamén mudan. Neste sentido, xa hai máis de trinta anos Colomer (1994) falaba dunha ampliación das temáticas nos títulos protagonizados por un neno cara a temas tradicionalmente reservados ás nenas, máis intimistas. Porén, nos libros estudados estas temáticas, máis que ampliarse, mudan. Deste xeito, os cativos non corren aventuras reais ou fantásticas, nin realizan viaxes iniciáticas, senón que o eido no que son definidos son a familia, a casa e a escola, como ocorre coas rapazas. Todos os títulos analizados sitúanse na ficción realista deixando só unha físgoa á fantasía en *As noites de Xián* coa chegada da princesa-fada.

4.2. Mulleres e homes de mediana idade

A figura de muller adulta nos libros analizados sofre peor sorte que a das nenas. No noso corpus non aparece nunca como protagonista e o seu papel no mellor dos casos é secundario, inda que as máis das veces é de simple figurante. Colomer (1994) sinala que noutrora existía un tándem adulto-neno que adoitaba estar formado por un cativo e unha muller –no seu papel de coidadora e refuxio emocional– que lle outorgaba certo protagonismo á muller. Non obstante, hoxe en día o protagonismo dos cativos é independente da figura adulta e, deste xeito, a figura da muller segue a estar esquecida.

Ao ter gañado a nena terreo como protagonista na produción destes anos, cabería pensar que a figura da muller se vería rescatada inda que fose para manter unha relación de complicidade nai-filla. Porén, só atopamos unha muller con certa entidade en *Catuxa quere saber*, a nai da cativa que responde ás inquedanzas da nena dunha forma afábel e sabia –angueira que comparte co avó da pícara. Estas ensinanzas que a nai proporciona á pequena versan sobre os porqués da vida⁷, aspecto que non ten nada que ver coas relacións tradicionais nai-filla, baseadas na transmisión de competencias sobre como ser ama de casa e nai, ás que se refería Turín (1995). Tamén se podería tirar un certo peso na figura da princesa-fada de *As noites de Xián*. Inda que non é realmente unha muller, senón un ser fantástico, ao menos na ilustración aparece debuxada como unha muller, sen que se mostren estereotipos na súa representación.

No resto dos títulos as mulleres están ausentes, esquecidas; son “convidadas de pedra”. Pena Presas (2012) considera neste sentido que as personaxes femininas son presentadas a través dos vencellos cos personaxes masculinos, e así aparecen na historia como nais, avoas ou mozas destes. Esta dependencia séguese a dar, mais na produción destes anos tamén aparecen como nais ou avoas das cativas. Nos libros nos que as mulleres teñen voz, salvo no caso antes mencionado de *Catuxa quere saber*, as súas intervencións son escasas, non achegan nada á trama e adoitan ter ese ton maternal. No álbum *A fuxida*, as inquedanzas da nena son respondidas polo pai, relegando a nai a unha simple intervención ao final:

E regresaremos cedo á nosa casa? – volveu preguntar Nadia.

Papá contestou: – Non, pero faremos outra nova.

E mamá engadiu: – Unha que teña un xardín fermoso no que xogar todos xuntos.

(Dávila, 2014, p. 29).

As mulleres de mediana idade, tanto no texto como na ilustración, adoitan aparecer representadas con xesto servil como nais e amas de casa. Nos escasos títulos nos que a muller aparece desempeñando algunha profesión esta é de tendeira (*Maxia!*) ou de mestra (*Á sombra dos anacardios*). Non se mostran noutras esferas sociais ou laborais, non teñen outras inquedanzas ou afeccións. O fogar é o seu lugar, tanto para faceren os labores domésticos como para murmuraren na porta coas veciñas, porque esta é a outra forma en que as mulleres son representadas: amigas de murmuraren, histéricas, pouco resoltas ou

⁷ Con todo, esta figura materna desaparece no segundo título protagonizado por esta cativa, substituída polo pai.

malhumoradas... As máis das veces aparecen ataviadas con barreños da bogada ou mandís e zapatillas de andar pola casa, incluso fóra desta.

Se ben o texto e o argumento son os responsábeis deste tratamento das mulleres as ilustracións encárganse en gran medida das estereotipacións sexistas. Ás veces só a imaxe redundante nos tópicos nos que as mulleres se ven envoltas. No álbum *De profesión inventor*, de Kike Gómez e Irene Sanjuán (2012), no texto non se aprecia ningún trazo sexista cara ás mulleres⁸. Porén, as ilustracións mostran rodas de nenas, mulleres e anciás rindo e murmurando do protagonista. Non aparecen cativos ou homes facéndoo, a pesar de que no texto se fai referencia a todas as xentes da vila.

Outras veces as mulleres aparecen na ilustración de forma neutra, sen ningún tipo de matiz, con roupas sinxelas, sen complementos... sen nada do que se poida tirar unha mensaxe estereotipada da muller. Sen nada do que se poida tirar ningún tipo de mensaxe, en realidade, xa que estas son debuxadas de forma plana, sen nada que reflecta como son ou que pensan, como se despoñéndolas dos complementos sexistas fose imposible crear unha imaxe atractiva das mulleres.

Canto aos homes, estes non teñen moitos máis papeis protagonistas que as mulleres, mais si cobran máis presenza en roles secundarios, con personaxes máis complexos, e papeis en ocasións relevantes. Nas producións en que os homes son protagonistas os eidos nos que son representados están fóra do fogar e relaciónanse co ámbito profesional. *De profesión inventor, ...3,2,1...*, de Pepablo Patinho e Dani Padrón (2014) ou *O aprendiz de home do saco*, de Antón Reigosa e Marta Álvarez Miguéns (2013), son títulos encadrados no mundo profesional cunhas temáticas de ficción fantástica –ou mestura de fantasía e realidade– limitada nos títulos de protagonista infantil. Nos libros nos que son secundarios con relevancia o seu papel está vencellado as criaturas protagonistas, como pais das mesmas.

Hai variedade tanto nos eidos como na forma de representar as personalidades dos homes. Pódense ver en aspectos familiares como pais ou fillos e en diferentes ámbitos profesionais. Son homes sensíbeis, soñadores, traballadores e folgazáns, fontes de sabedoría e acougo, preocupados pola crianza das criaturas.... Mais inda que son personaxes achegados á realidade das nenas e nenos, seguen sen se relacionar cos labores domésticos. Só no álbum *De profesión inventor* as ilustracións mostran o protagonista no mercado.

Colomer (1994) apuntaba que case sempre coñecemos o oficio dos personaxes masculinos, e que estes son a miúdo alcumados pola súa profesión. Nestes libros os eidos dos personaxes masculinos refírense en moita medida ao ámbito profesional e algúns son nomeados pola súa profesión, pero vemos tamén que moitos personaxes son mostrados só como pais, sen alusións ás súas profesións, gustos ou inquiredanzas, como pasaba coas mulleres. Como se ser pais ou nais fora incompatible con calquera outra ocupación.

Os homes non son representados como personaxes malos, autoritarios ou déspotas, deixando atrás a figura á que se refire Colomer (1994) do home que asume o papel de vilán ante a ausencia de personaxes malvados, ao desapareceren os animais ferozes e as bruxas e madrastas. Tampouco aparecen como persoas sabichonas que pretenden deixar

⁸ O sexismo do texto vai enfocado cara ao protagonista, que aparece retratado como un parvo.

en mal lugar as mulleres. Inda que dende as ilustracións son debuxados con lentes e chaleco, isto non é utilizado –como noutrora– como unha forma de demostrar a sabedoría: de feito, os pais que aparecen xunto ás criaturas respondendo as súas preguntas non levan estes accesorios.

4.3. Anciás e anciáns

Nas narracións analizadas as anciás teñen inda menos peso que as mulleres novas. Só nun dos títulos, *Maruxa*, de Eva Mejuto e Mafalda Milhões (2014), se aposta por unha anciá como protagonista. Esta, farta de ter que facer ela soa os labores do fogar consegue, con astucia, que o seu cónxuxe participe nos mesmos. O álbum é un verdadeiro grito a prol da muller, da súa liberación, non para ridiculizar ou desprestixiar o home, senón como unha chamada de atención cara á necesidade da corresponsabilidade e ao dereito das mulleres ao ocio, onde as ilustracións teñen un papel fundamental. Se ben é certo que *Maruxa* é debuxada como ama de casa, isto resulta imprescindible xa que é a base da denuncia da narración. Pero *Maruxa* tamén aparece rodeada de libros, utilizando o ordenador...

O resto das aparicións das anciás son moi escasos, apenas uns poucos papeis secundarios sen relevancia. Estas son representadas psicoloxicamente igual que as mulleres novas. Por exemplo, en *Fadita fosca!*, retrátase unha muller malhumorada e autoritaria, que trata o seu home coma a un cativo, impedíndolle facer o que quere. Neste libro a avoa enfádase ao chegar á casa e ver os estragos que avó e nena fixeron cos seus xogos. As ilustracións mostran o cariz de desaprobación da muller, tinguindo dúas páxinas con tons de grises, nos que se pode distinguir os ollos anoxados da anciá, como se esta viñera tinxir de escuridade as vidas en cor dos xogos da cativa e o seu avó. En todo este corpus as anciás, no seu papel de avoas, son debuxadas con brancas cabeleiras, ás veces prendidas nun moño, e relacionadas cos biscoitos (*A fuxida*) ou cos labores de punto (*Area fai seis*). Esta forma estereotipada de representar as avoas non está acorde coa realidade das criaturas, como xa apuntaba Turín en 1995.

Pola súa parte, os anciáns teñen máis e mellores papeis. Ben é certo que non aparecen en ningún título como protagonistas, mais os seus papeis secundarios teñen moito peso nas narracións. O tándem adulto-neno do que falabamos, antano formado por nai-fillo, está formado agora por avó-cativa (*Catuxa quere saber, Fadita fosca!*), mais agora o avó non cumpre con esa función asistencial que si cumprían as figuras maternas, senón que a relación coa nena é de complicidade e amizade: o avó proporciona diversión e sabedoría. Noutros títulos os anciáns teñen papeis secundarios sen peso, con presenza no texto ou nas ilustracións (*As noites de Xián, Maxia!, Porque Cuqui non quere ir á lavadora*).

4.4. Non humanos ou humanas

Para determinarmos o xénero nas producións de protagonistas non humanos ou humanas podémonos fixar en determinados factores: lingüísticos, como os pronomes persoais, culturais, como os nomes de pía ou dende as ilustracións debido á interiorización

que existe na sociedade sobre certos complementos, roupas e trazos faciais propios dun ou outro xénero, difundidos a través de libros e álbums ilustrados, contos e películas ou debuxos de animación⁹.

Nos libros da nosa análise o xénero vén determinado polo pronome persoal e o nome de pía dos personaxes, xa que as ilustracións neste sentido resultaron bastante neutras. Só en dous títulos, *Chímpate, Pepa!*, con texto de Paula Carballeira e ilustracións de Xoana Almar e Miguel Peralta (2013), e *A burra Ramona*, de Paula Carballeira e Dani Padrón (2013), as protagonistas locen accesorios típicos dos seres humanos, pero son neutros, sen estereotipos.

Ao contrario do que sucedía no caso de personaxes humanos e humanas, onde o protagonismo recaía principalmente sobre as femias, no caso dos seres fantásticos ou animais, o protagonismo recae maiormente sobre os machos, sendo os causantes de que no cómputo xeral das producións con protagonismo masculino e feminino estea equilibrado.

Na nosa análise os protagonistas animais xa non representan, como noutrora, historias familiares ambientadas no rural realizando actividades domésticas, en situacións profesionais ou realizando labores propios dos seres humanos. Os libros presentan historias amábeis que narran andainas, costumes ou personalidades dos animais e non hai liortas territoriais nin problemas con outras especies. Os eidos son diversos e o xénero dos protagonistas non condiciona o lugar onde se desenvolve a acción, senón que os escenarios dependen das súas personalidades e do tipo de vida que levan: na fraga, na granxa, na cidade...

Nesta produción resulta moi patente a intención didáctica, ás veces con narracións simples nas que prevalecen os valores fronte ao interese literario, como en *Xoana, a ra lacazana*, de Martinho Terrafría e Vladimir Zatons (2014). Outras veces estes valores preséntanse envoltos nunha atractiva historia como no caso de *Chímpate, Pepa!*, sobre a cal é preciso reflexionar e mirar con detalle para poder tirar unha aprendizaxe menos simplista, máis proveitosa.

No caso do protagonismo de seres fantásticos a situación é a mesma, pois os eidos e temáticas non están relacionadas co xénero dos personaxes. O único título que reflicte unha situación familiar achegada ás humanas é *Quen é Pichuk?*, o primeiro dos cinco libros da colección “O diario de Pichuk”. Porén, desta situación familiar non se pode tirar ningún estereotipo, nin dende a ilustración nin dende o texto, xa que esta aparece como parte da biografía do protagonista, non sendo eixe das historias da colección. No caso de *Mediomedo*, de Ana María Fenández e Antonio Seijas (2013), tanto ilustracións como

⁹ O estudo *Quels modèles pour les filles? Une recherche sur les albums illustrés*, realizado pola Association Européenne Du Côté Des Filles no ano 1998 en países como España, Francia e Italia, amosou como cativos e cativas identificaban o xénero dos personaxes en función de determinados trazos. No caso dos complementos: colares, zapatos de tacón, lazos... evocabánlles trazos femininos mentres que periódicos ou ferramentas se asociaban ao xénero masculino. Ocorría o mesmo coa roupa: vestidos e saias para elas –en tons rosa ou morados– e pantalóns, garabata ou chaleco para eles – en tons marróns, azuis... No caso dos trazos faciais, as femias relacionábanse con pestanas máis longas, ollos máis raiados e beizos grosos, semellando ás veces estaren pintados con carmín, e os machos con ollos menos expresivos, pestanas curtas e beizos finos. Isto pon de manifesto como certos estereotipos están instaurados na sociedade de forma xeral.

texto lévannos a escenarios reais, e espazos fantásticos nos que vive o “medo” e a fadabruxa que o axuda a ser un medo máis grande. En *Erik o construtor de soños*, de Kike Gómez e Dani Padrón (2014), vemos tamén esa mestura de ambientes entre o mundo dos soños e a realidade. Nesta produción hai maior espazo para a ficción fantástica, que non se dá nos libros de protagonistas humanos, as máis das veces realistas.

No tocante á forma de representar o xénero podemos dicir que os dous están equilibrados. Os personaxes de ambos os xéneros son presentados con boas actitudes e aptitudes ou con algún mal hábito que aprenden a superar. En *De como Chispo, o esquío, puido co frío* unha esquío femia axuda a non morrer de frío e fame ao protagonista da historia, os dous esquíos namóranse e acaban rodeados de crías. Aquí o papel da femia non se ve supeditado á figura do macho como noiva deste perdendo a súa entidade - por contraste co que sucedía coa produción literaria galega anterior (Pena Presas, 2012)- , e de feito é ela a que salva a vida ao esquío. A fadabruxa Medrusa do álbum *Mediomedo* axuda ao medo protagonista a ser un medo maior, sen enganar e sen pedir nada a cambio, ao contrario do que ocorría nos contos de tradición popular, polo que pode considerarse unha personaxe boa. A ilustración mostra un cariz benévolo, a pesar da súa longa cabeleira formada por unha brazada de serpes, quizá nun intento de desmitificar a figura de Medusa como símbolo da maldade feminina. Vemos nestes dous libros figuras femininas con relevancia que axudan aos protagonistas masculinos, mudando esa imaxe do macho salvador.

En xeral, as temáticas, os eidos e as formas de presentar os distintos xéneros tanto dende a ilustración como dende o texto non esconden trazos sexistas ou estereotipados e as femias teñen importantes papeis secundarios. Non obstante, pódense cuestionar dous aspectos: a supremacía dos títulos con protagonista masculino e a non alusión ás profesións das femias, xa que os títulos nos que fai referencia a estas os protagonistas son machos (*Erik o construtor de soños*, tres dos catro libros da colección “O diario de Pichuk” e *O aprendiz de home do saco*, de Antonio Reigosa e Marta Álvarez Miguéns).

4.5. Ambos os xéneros

Referirémonos aquí a aqueles libros nos que o protagonismo recae en personaxes de ambos os xéneros, tanto de carácter humano como non humano.

En *O principio*, de Paula Carballeira e Sonja Dnow (2012), as creadoras realizan un triste pero alentador retrato dunha guerra, como fixeron Dávila e Doval (2014) en *A fuxida*. As ilustracións, totalmente descritivas en conxunción cos textos, breves pero cheos de significado, conseguen un álbum de gran beleza onde homes, mulleres, nenos e nenas son tratados con igualdade, na tristeza e na amargura, pero tamén na esperanza. Con todo, estes protagonistas son na súa maioría nenos e nenas. Pode que isto funcione como símbolo do futuro, dese principio dunha vida mellor... pero o certo é que só aparecen nas ilustracións unha muller, un home e un ancián, quedando unha vez máis a anciá fóra da narración.

No caso de *Quen pode vencer o vento?*, de Charo Pita e Marion Arbona (2014), o protagonismo recae no conxunto da sociedade, esta vez formada por animais, machos e femias, que intentan atraer a choiva. Ao non representarse como animais humanizados,

senón como animais salvaxes no seu hábitat, as ilustracións non caen en ningún estereotipo.

Na colección de Pepe e Abraham Carreiro (2011) “A familia caravana”, os protagonistas son unha multicultural cuadrilla formada por catro nenos, cinco nenas e un mono. Ao longo dos diferentes títulos da colección todos os cativos e cativas adquiren papeis protagonistas e secundarios de peso, con independencia do seu xénero. Estes títulos narran aventuras que a cuadrilla vive dentro do circo, e constitúen a única narración de ficción realista na que as criaturas viven verdadeiras aventuras, saíndose dos eidos habituais onde nenos e nenas son presentados. Nas ilustracións nenos e nenas visten de forma semellante, e non levan accesorios considerados propios dun ou outro xénero. Os homes e mulleres teñen papeis transversais, mais as mulleres teñen maior presenza e aparecen como xefas de pista ou mulleres bala, oficios afastados das tradicionais mestra ou tendeira. Canto aos homes, estes aparecen en menor cantidade, como mozos de pista ou como encargados das lambetadas... Con todo, o dono do circo, a figura de poder, recae sobre un home.

4.6. Colección coeducativa “A igualdade conta”

Unha colección coeducativa é, en termos de Pena Presas (2015, p. 368), unha “serie de obras publicadas baixo un nome propio común cunhas características semellantes e idéntico formato, cuxo fin principal é promover a igualdade entre os xéneros dende a literatura infantil”. Durante os anos eixe da nosa análise publícase a colección coeducativa “A igualdade conta” de Paloma Rodríguez e Cristina Justo e ilustrados por Spela Trobec, á que nos referiremos a seguir.

Nestes álbums, se ben é certo que as cativas son as principais protagonistas, estas non teñen unha personalidade definida, non se pode deducir o que pensan, que lles gusta.... Os álbums céntranse tanto nos valores que pretenden infundir no público infantil, que as autoras parecen esquecer dar contido as súas personaxes. Por exemplo, nun dos álbums, *O segredo de Flora*, preséntase a personalidade agresiva da cativa, pero isto só serve para darlle ese contido moralizante, pois a temática central do álbum é o mal comportamento de Flora. A excepción a esta tendencia atopámola en *Canto te quero, profe*, título no que si se presenta a personalidade do cativo protagonista: listo e sensíbel, agradecido co seu mestre e empático cos seus proxenitores. Todo isto fai do cativo un personaxe complexo, o que colide coas personaxes planas e simples das protagonistas do resto dos álbums.

Sendo unha colección que pretende educar na igualdade, chama a atención que as mulleres e as anciás non teñan papeis protagonistas nin secundarios de peso. Esta cuestión é un dato moi significativo sobre até que esta colección fracasa no sentido de que non se lles presentan referentes femininos aos cativos e cativas.

No caso de *O país dos mandóns*, as mulleres teñen protagonismo como colectivo. Pero non existe ningunha figura de muller de mediana idade ou anciá vivindo aventuras ou historias fantásticas que lles faga chegar ás criaturas unha idea diferente das mulleres, senón que seguen a aparecer como nais e avoas, e sempre en segundo plano. Só no álbum *A urna dos desexos* aparecen tamén como candidatas á presidencia do país. Con todo,

estes papeis femininos están ligados á “causa”, á denuncia social, como membros dunha colectividade que pretenden defender. Deste xeito, inda que en moitos casos o fondo da narración é a denuncia a prol da mulleres, as propias mulleres quedan fóra da historia.

Á maioría de mulleres que aparecen nesta colección non se lles coñece profesión ou ocupación fóra da casa, agás no caso do álbum *Canto te quero, profe!*, no que se fai alusión a que a nai do cativo ten que ir traballar –inda que non se sabe cal é ese traballo–, e no de *A urna dos desexos*, no que aparecen dúas mulleres dedicadas á política. En *O país dos mandóns*, o único traballo que desempeñan as mulleres son os labores domésticos. Esta cuestión, xunto con outras relacionadas coa liberación das mulleres, son reivindicadas no álbum e grazas ao traballo conxunto de homes e mulleres conseguen superala, cambiando o País dos mandóns polo País da igualdade. Secasí, despois de conseguir ese ansiado País da igualdade no que as mulleres poden ser quen desexen ser e facer o que desexen facer, estas non aparecen na ilustración realizando outro tipo de labores que non sexan os domésticos, nin realizando ningunha das actividades que tanto ansiaban poder facer, como ir ao teatro ou de excursión.

Por outra parte, todas esas actividades que as mulleres soñan con facer están relacionadas co tempo de lecer e en ningún momento coa vida profesional. Deste xeito, a conclusión que se tira deste álbum é que as mulleres, ao teren que estar sempre traballando nos labores domésticos, están tristes e enfadadas porque non poden saír de paseo ou ir á praia, sen que dentro das súas reivindicacións aparezan aspiracións profesionais.

As ilustracións só mostran mulleres con caras tristes, ataviadas con utensilios de cociña, ou mulleres anoxadas soñando con tocar un instrumento ou con pasear en bicicleta... En ningún momento se mostran mulleres felices facendo o que lles gusta facer. Só en *Teño dúas casas* vemos a nai da cativa escoitando música ou indo ao teatro cos seus fillos e amigos.

Nestes álbums, inda que os homes tampouco teñen papeis protagonistas, si aparece un home como personaxe secundario con peso no álbum *Canto te quero, profe!* como mestre do cativo protagonista, e sobre o que se fai unha extensa descrición das súas virtudes. En *O país dos mandóns* os homes teñen protagonismo como colectivo, como apoio á causa das mulleres e como responsábeis das súas penurias. Os homes preséntanse en papeis de pais e avós e como mestres, mandatarios e políticos, móstranse con esa dualidade coa que se presentaba as mulleres e nenas noutrora, dende a absoluta bondade ou dende a total maldade, sometendo as mulleres. Anciáns e anciás seguen a estar esquecidos: só son mencionados de forma transversal como parte da sociedade e mantéñense en papeis de avós e avoas.

A temática está supeditada ao didactismo explícito sobre diferentes aspectos: a igualdade de homes e mulleres, o dereito ao voto das mulleres, o acceso das mulleres á política, o acceso dos homes á educación infantil... Os eidos seguen a ser a familia e a escola. Poderíase pensar que no álbum *O país dos mandóns* as autoras nos levarían a un país marabilloso, cheo de maxia onde ocorrerían grandes aventuras, á vista da forma en que comeza o álbum, cunha fórmula literaria que recorda os inicios dos contos marabillosos tradicionais, que preveñen de que algo sorprendente está a piques de pasar... pretendendo deste modo chamar a atención dos cativos e cativas, cara a unha historia máxica:

Había unha vez moi lonxe, moi lonxe, pero que moi lonxe un estraño país: O país dos mandóns.

Nese país tan estraño sucedían cousas tamén moi estrañas que a xente non comprendía:

As nais, as avoas, e as nenas só podían facer unha cousa: traballar e traballar e volver a traballar na casa (Justo e Rodríguez, 2010c, pp. 7-9).

Porén, neste caso a historia marabillosa nunca chega, xa que este país representa unha metáfora sobre os cambios que se deron nos países occidentais cara á igualdade entre homes e mulleres. Sen ser esta unha cuestión menor, a forma de presentala crea unhas expectativas iniciais que non chegan a se desenvolver na narración, perdendo forza a historia dende ese inicio misterioso cara a unha historia confusa sen interese narrativo, cuestión da que pecan o conxunto dos álbums desta colección coeducativa.

5. Conclusións

Contra o que se podería pensar debido á tradición das narrativas de literatura infantil, o número de producións con protagonista feminina e o de producións con protagonista masculino están moi equilibradas. Estes resultados son alentadores cara unha nova orde literaria onde o xénero feminino é máis visíbel e gaña protagonismo de seu. Porén, estes datos non deixan de encerrar un certo desabor, xa que o papel da muller de mediana idade ou anciá dista moito de ser o desexado. Estas non teñen papeis protagonistas e quedan relegadas a papeis secundarios sen relevancia na narración. Non ocorre o mesmo cos homes e anciáns, xa que estes a pesar de non teren moitos papeis protagonistas si teñen papeis secundarios de peso necesarios para o relato.

As personalidades de cativos e cativas, así como os eidos e temáticas nos que aparecen, aseméllanse bastante. Os personaxes infantís son intelixentes, con inquiredanzas, agarimosos e tenros, máis achegados á realidade das personalidades das nosas criaturas. As nenas son en xeral presentadas tanto polo texto como pola ilustración de forma alegre e esperta, abandonando a languidez de antano –a excepción da colección coeducativa, que presenta personaxes maioritariamente planas. Non obstante, esta languidez parece ser recibida polos cativos, que se mostran máis taciturnos, presumiblemente como resultado das temáticas e eidos máis intimistas nos que son inseridos. Nese intento de crear nenos máis sensíbeis e empáticos, estes son excluídos das aventuras, como se un neno aventureiro non puidera á vez ter un gran mundo interior, e os eidos nos que son definidos son a familia e a escola. As cativas, a pesar de seren máis alegres e inquietas, seguen a estar confinadas tamén á casa e á familia, como se o mundo das aventuras non fora para elas, por moi intelixentes e afoutas que sexan. Xa que logo, as aventuras quedan fóra das narracións con protagonistas infantís. Son moi poucas as producións literarias que cultivan estas temáticas, reservadas en todo caso aos libros nos que os protagonistas son homes ou personaxes non humanos.

O avance ao que parece terse chegado coas cativas non é tal no caso das mulleres. Estas, as máis das veces, aparecen como nais e amas de casa das que se descoñece profesión ou ocupación fóra da familia. Son presentadas en papeis sen relevancia, pasivas ou anoxadas. Dende as ilustracións móstranse cheas de estereotipos, ataviadas con cestas

da compra, mandís... ou de forma neutra sen ningún tipo de atributo, supoñendo personaxes baleiros e planos. Neste sentido as ilustracións seguen a reforzar unha idea anacrónica das mulleres.

Hai case vinte anos Colomer (1999) sinalaba a dificultade de romper con ese sexismo na literatura, aludindo á necesidade por parte dos escritores e escritoras de respectaren os modelos sociais que as criaturas teñen interiorizados pola súa experiencia vital. Porén, desde a nosa perspectiva, esa experiencia vital na sociedade actual é diferente á que supoñía Colomer a finais do século XX. A autora facía referencia tamén á dificultade de romper coa tradición literaria con respecto aos modelos de conduta masculinos e femininos en certos xéneros, debido ao intertexto lector da infancia. Mais, unha vez máis, ao noso xuízo, é hora xa de crear unha literatura que forme un intertexto lector nas criaturas máis acorde coa realidade social. Por último, Colomer subliñaba a necesidade por parte dos autores e autoras de manteren e aumentaren un público lector minoritario, os cativos, ao consideraren que estes non terían interese en narrativas nas que as protagonistas foran femias. A dúbida que nos xorde aquí é se son os cativos os que non queren ler estes libros, ou son os mediadores e mediadoras quen lles limitan o acceso a esta literatura, influíndo nos gustos e intereses dos pequenos. Sexa como for, pode que esteamos no tempo de virar de rumbo e que os creadores e creadoras avoguen por títulos protagonizados por mulleres activas e afoutas que, mantendo a súa condición feminina, corran aventuras fóra dos fogóns.

No que si parece haber igualdade é nos casos en que mulleres e homes aparecen como nais e pais. Por desgraza esta igualdade só serve para que os homes sexan tratados como se trata as mulleres, é dicir, aos pais das narracións non se lles coñece profesión ou afeccións. Desta forma, a igualdade aquí non vén da man dunha mellora na situación das mulleres, senón dun empeoramento na situación dos homes. Secasí, os papeis dos pais adoitan ter máis peso para a narración que os das nais.

No caso dos seres fantásticos ou animais a maioría das producións teñen protagonistas masculinos, inda que as temáticas e os eidos son comúns e a forma de representar as personalidades tanto no texto como as ilustracións non mostran estereotipos. O feito de non representaren actividades ou costumes humanos supón que por parte da ilustración non se utilicen complementos que poderían ser estereotipados e os poucos accesorios que se ven son neutros.

Nos álbums da colección coeducativa “A igualdade conta” a cuestión non mellora. Non deixa de resultar sorprendente o feito de que pretendendo estas coleccións defender a igualdade entre os xéneros, as autoras non avoguen polas mulleres como protagonistas. No canto de lles daren voz e entidade persoal, estas son utilizadas como recursos en prol da “causa”, co que esa pretendida igualdade pérdese en historias confusas e mal desenvolvidas que non fan máis que perpetuar en moitos casos os estereotipos que pretenden erradicar. Estes álbums narran historias simplistas, nas que non termina de ocorrer nada. Non hai trama, as máis das veces a historia redúcese á exposición dos supostos bos e malos valores mergullados nunha confusa historia na que son incluídos diferentes conceptos en prol da igualdade dun xeito forzado, descontextualizado, sen achegar nada á historia. Os finais das narracións en moitos casos son resoltos de forma precipitada ou simple, impedindo que a historia quede ben cerrada de forma coherente.

As ilustracións tampouco conseguen elevar a calidade artística dos álbums: son simples, sen achegaren nada máis alá do texto.

Emporiso, outra colección das analizadas sen ser presentada como unha colección coeducativa, ten elementos para ser considerada como tal. Referímonos á colección “A familia caravana”. Se ben é certo que as mulleres de mediana idade tampouco teñen papeis protagonistas si teñen papeis secundarios con certa importancia que amosan as personaxes femininas nun eido diferente ao do fogar. Os protagonistas son nenos e nenas de forma conxunta, coa mesma relevancia e peso na narración. Nestes libros existe unha trama, cun inicio, un desenvolvemento e un final coherente, que encerra certos valores expostos de forma sutil, envoltos en historias interesantes cun certo halo de intriga e misterio. As ilustracións polo xeral non presentan estereotipos, agás nalgúns dos traxes das mulleres. Estes libros, sen seren tan explícitos como os anteriores e ao contaren cunha maior calidade literaria e artística, é posíbel que consigan mellores resultados de cara á coeducación que a propia colección coeducativa analizada.

En suma, este estudo permítenos concluír que aumenta o número de producións con protagonismo feminino e para o caso das nenas mellora a súa forma de ser presentadas física e psicolóxicamente, tanto dende o texto como dende as ilustracións. Secasí, inda queda moito por avanzar no tocante a eidos e temáticas relacionados coas mulleres, especialmente no tratamento das personaxes adultas e anciás. Neste sentido, só cabe esperar que os avances conseguidos cara a unha literatura máis igualitaria continúen, e sobre todo que non retrocedan. É necesario, así, que ambos os xéneros camiñen xuntos, que o avance dun non supoña un retroceso para o outro e que os estereotipos sexan por fin erradicados.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

FONTES PRIMARIAS

- Alonso, M. A. e Beloso, L. (2014). *O sono de Esther*. Vigo: Nova Galicia Edicións.
- Blanco, C. e Padrón, D. (2012). *Catuxa quere saber*. A Coruña: Everest Galicia.
- Blanco, C. e Padrón, D. (2014a). *As noites de Xián*. Vigo: Xerais.
- Blanco, C. e Padrón, D. (2014b). *Catuxa quere saber máis*. A Coruña: Everest Galicia.
- Canosa, M. e López Vázquez, N. (2012). *Xiana, a nena pirata*. A Coruña: Everest Galicia.
- Carballeira, P. e Dnowaki. (2012). *O principio*. Pontevedra: Kalandraka.
- Carballeira, P., Almar, X. e Peralta, M. (2013). *Chímpate, Pepa!* Vigo: Triqueta Verde.
- Carballeira, P. e Tomás, X. (2013). *A burra Ramona*. A Coruña: Baía.
- Carreiro, P. e Carreiro, A. (2011a). *A nova domadora de cans*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Carreiro, P. e Carreiro, A. (2011b). *Un dinosauro no circo*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Carreiro, P. e Carreiro, A. (2011c). *A muller bala*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Carreiro, P. e Carreiro, A. (2011d). *Desaparecidos por arte de maxia*. Pontevedra: Edicións do Cumio.

- Carreiro, P. e Carreiro, A. (2012). *Lume. Un can de palleiro moi traballador*. Pontevedra: Edicións do Cumio.
- Casalderrey, F. e Castelaio, P. (2014). *Cuca e o abrigo marrón*. A Coruña: Rodeira.
- Castro Lima, M., Ameixeiras Sánchez, M. M. e Ameixeiras Sánchez, F. (2010). *A casa do rato Renato*. Vigo: Barafunda.
- Cráneo, M. (2010a). *Que é Pichuk?*. A Coruña: Everest Galicia.
- Cráneo, M. (2010b). *As minchas de Aridondia*. A Coruña: Everest Galicia.
- Cráneo, M. (2011a). *O agradecido Zigüt*. A Coruña: Everest Galicia.
- Cráneo, M. (2011b). *O temible Lampönak*. A Coruña: Everest Galicia.
- Dávila, B. e Doval, I. (2014). *A fuxida*. Cesuras: Biblos clube de lectores.
- Fernández, A.M. e Seijas, A. (2013). *Mediomedo*. Ferrol: Embora.
- Fortes, A. e Mulazzani, S. (2010). *Á sombra dos anacardios*. Pontevedra: OQO.
- Gómez, K. e Sanjuán, I. (2012). *De profesión inventor*. A Coruña: Bululú.
- Gómez, K. e Padrón, D. (2014). *Erik o construtor de soños*. A Coruña: Bululú.
- Gonda, A. e Noel Toledo, M. (2011). *Area fai seis*. Vigo: Galaxia.
- Justo, C., Rodríguez, P. e Trobec, S. (2010a). *O segredo de Flora*. Ferrol: Embora.
- Justo, C., Rodríguez, P. e Trobec, S. (2010b). *A urna dos desexos*. Ferrol: Embora.
- Justo, C., Rodríguez, P. e Trobec, S. (2010c). *O país dos mandóns*. Ferrol: Embora.
- Justo, C., Rodríguez, P. e Trobec, S. (2013a). *Teño dúas casas*. Ferrol: Embora.
- Justo, C., Rodríguez, P. e Trobec, S. (2013b). *Canto te quero, profe!*. Ferrol: Embora.
- Lado, M. e Torres, Y. (2014). *Porque Cuquí non quere ir á lavadora*. A Coruña: Apiario.
- Llorente, R. e Rosendo, P. (2010). *Un baño de gargalladas*. Vigo :Galaxia.
- Mejuto, E. e Milhões, M. (2014). *Maruxa*. Pontevedra: OQO.
- Moure, A. e Ouro, C. (2014). *Salgadiña, a estrela de Fisterra*. Santiago de Compostela: Urco.
- Núñez, T. e Tomás, X. (2014). *De como Chispo, o esquío, puido co frío*. Vigo: Galaxia.
- Patinho, P. e Padrón, D. (2014). *...3,2,1...*. Ferrol: Embora.
- Pérez, R. e Romero, A. (2010). *Papá non sabe*. A Coruña: Bahía.
- Pita, C. e Matoso, M. (2011). *Maxia!*. Pontevedra: OQO.
- Pita, C. e Arbona, M. (2014). *Quen pode vencer o vento?*. Pontevedra: OQO.
- Reigosa, A. e Álvarez Miguéns, M. (2013). *O aprendiz de home do saco*. Vigo: Xerais.
- Solar, M. e Tomás, X. (2011). *Vou ter un irmán*. Vigo: Galaxia.
- Terrafría, M. e Zatonski, V. (2014a). *Xoana, a ra lacazana*. Santiago de Compostela: Urco.
- Terrafría, M. e Zatonski, V. (2014b). *Don Bento, o porco fedorento*. Santiago de Compostela: Urco.
- Terrafría, M. e Zatonski, V. (2014c). *Fariñeiro, o burro larpeiro*. Santiago de Compostela: Urco.
- Terrafría, M. e Zatonski, V. (2014d). *Señor Fiz, o repolo feliz*. Santiago de Compostela: Urco.
- Vázquez Freire, M., Tomás, X. e Padrón, D. (2013). *Fadita fosca!*. A Coruña: Bahía.

FONTES SECUNDARIAS

- Aguilar Ródenas, C. (2006). Género y formación de identidades. *CLIJ* 191, 7-15.
- Aguilar Ródenas, C. (2011). Lectura, género, feminismo y LIJ. *Lenguaje y textos* 28, 113-128.
- Álvarez Núñez, S. e Mouriz, I. (1988). Sobre a colección a favor das nenas. *Festa da palabra silenciada* 5, 47-48.
- Association Européenne Du Côté Des Filles (1998). *Quels modèles pour les filles? Une recherche sur les albums illustrés*. París: Association Européenne Du Côté Des Filles.
- Barragán Medero, F. (1989). Conocimiento social, sexismo y literatura infantil. *CLIJ* 11, 8-12. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcz61c2>
- Colomer, T. (1994). A favor de las niñas. *CLIJ* 57, 7-24. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcc8335>
- Colomer, T (1999). *Introducción a la literatura infantil y juvenil*. Madrid: Síntesis.
- McCabe, J., Tope, D., Fairchild, E., Grauerholz, L. e Bernice, A. (2011). Gender in Twentieth-Century Children's Books: Patterns of Disparity in Titles and Central Characters. *Gender & Society* 2, (25), 197-226. DOI: <https://doi.org/10.1177/0891243211398358>
- Orquín, F. (1989). La nueva imagen de la mujer. *CLIJ* 11, 14-19. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcz61c2>
- Pena Presas, M. (2012). As imaxes femininas na narrativa infantil e xuvenil galega: Dos roles tradicionais á novela feminista (1975-1985). *Madrygal: Revista de Estudos Gallegos* 15, 107-117. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4102965>
- Pena Presas, M. (2015). Identidades femininas e educación literaria: análise crítica das coleccións coeducativas para a infancia e a mocidade. *Madrygal: Revista de Estudos Gallegos* 18, 367-375. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5106356>
- Turín, A. (1989). Hermosas, cariñosas y pacientes. *CLIJ* 11, 24-27. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcz61c2>
- Turín, A. (1995). *Los cuentos siguen contando: Algunas reflexiones sobre los estereotipos*. Madrid: Horas y Horas.
- Vila Carneiro, Z. & Faya Cerqueiro, F. (2016). Figuras femeninas en el álbum ilustrado: reflexión crítica para el alumnado de los grados de Educación. En Aguayo Lorenzo, E., López Díaz, A. J. & González Penín, A., *XUGeX. IV Xornada Universitaria Galega en Xénero* (pp. 151-159). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo.